

**Mantén o impulso comercial e consolida o seu crecemento sostido**

## **EROSKI PECHA O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2025 CUN RESULTADO POSITIVO DE 90,3 MILLÓNS DE EUROS**

- **As vendas brutas acadan os 4.501 millóns de euros.**
- **O seu EBITDA ascende a 251 millóns de euros, un 1,8 % por riba da cifra do ano anterior.**

**Elorrio, 12 de decembro de 2025.-** [EROSKI](#) pecha as contas do terceiro trimestre deste exercicio, do 1 de febreiro ao 31 de outubro de 2025, cunha facturación que continúa a ruta de crecemento dos últimos exercicios. Así, o volume de actividade acaba unhas vendas brutas de 4501 millóns de euros.

As vendas brutas no ámbito alimentario foron o motor principal deste crecemento, cun aumento do 2,9 % respecto ao mesmo período de 2024, ata acadar os 4270 millóns de euros. O resultado positivo do grupo ascendeu ata os 90,3 millóns de euros, un 36 % superior ao terceiro trimestre do ano anterior. *(A finais de novembro, o Grupo Eroski efectuou o seu refinanciamento; polo tanto, no peche de outubro non se reflicten os gastos derivados desta operación).*

Esta progresión atribúese á boa acollida do esforzo promocional e de contención de prezos que realizou o grupo desde finais de 2021 co obxectivo de mitigar o traslado dos maiores custos nos prezos de venda. Malia que este investimento en aforro tamén se produciu nun escenario de aumento dos custos de explotación respecto ao ano anterior, o grupo logrou limitar o seu impacto grazas á continuidade das súas iniciativas de mellora da eficiencia.

*«O trimestre pechouse en liña coas nosas previsións, o que reafirma a solidez do noso modelo comercial e a efectividade das medidas que se adoptaron para reforzar o noso posicionamento competitivo, a nosa aposta por ofrecer ás persoas consumidoras unha ampla capacidade de elección de produtos, cunha aposta clara pola marca propia e os produtos frescos cunha relación calidade-prezo extraordinaria. Ao mesmo tempo, seguimos avanzando na implementación de iniciativas de mellora da eficiencia, moitas delas co apoio de ferramentas de analítica avanzada e intelixencia artificial. Proba disto é que o EBITDA dos nove primeiros meses do exercicio acadou os 251 millóns de euros, unha cifra que supera a que se obtivo no mesmo período do ano anterior, o que reflicte a boa*

**EROSKI: Dirección de comunicación  
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

**Tel: 946 211 214** [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**INCÓGNITO: Axencia de prensa**

Silvia Peralta

**Tel: 917 379 950**

*evolución da nosa actividade operativa e comercial», afirmou a **CEO de EROSKI, Rosa Carabel.***

### **Continuidade do crecemento e disciplina financeira**

Coa vista posta en 2026, último ano do plan estratéxico vixente, EROSKI mantén unha folla de ruta centrada nun crecemento rendible e prudente. A cooperativa seguirá reforzando o seu modelo de proximidade e a súa aposta pola marca propia e de fabricante, e o produto local, impulsando ao mesmo tempo a dixitalización e as estratexias omnicanle para mellorar a experiencia de compra e a eficiencia de toda a cadea de valor. Todo cun firme compromiso coa sustentabilidade.

Cunha estrutura financeira ordenada, o grupo avanza na súa estratexia de crecemento baixo unha estrita disciplina financeira, destinando recursos á modernización de tendas e á ampliación da rede en territorios estratéxicos, en liña co obxectivo de apalancamento anunciado.

### **Acerca de EROSKI**

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolinerías, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.

---

**EROSKI: Dirección de comunicación  
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

**Tel: 946 211 214**    [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**INCÓGNITO: Axencia de prensa**

Silvia Peralta

**Tel: 917 379 950**